

# LOS FENÓMENOS

Alfonso Zarauza, 2014

# 1519

ESTREA EN NUMAX: 06.05.2025 | V.O. | 98 min

Unha muller que vive desde hai tres anos nunha furgoneta aparcada da costa de Almería, ve como a súa parella desaparece precisamente o día en que ía comezar a traballar. Recollidos os seus vultos, regresa co seu bebé á súa vila natal: Ferrol. Ao inicio, ten enormes dificultades para atopar traballo, pero acaba conseguindo un posto de peón de albanel. Superada con coraxe a dureza do oficio, axiña o seu grupo de albaneis comeza a destacar ente os demais pola súa extraordinaria capacidade de traballo.

A longametraxe irá precidade da curta “Toro” (2002, 6 min).

A sesión contará con presentación e coloquio de Leticia Sola, Xúlio Abonjo, Xosé A. Touriñán e Alfonso Zarauza.



## Entrevista con Alfonso Zarauza: «Os cineastas temos unha responsabilidade con respecto ao que sucede na nosa contorna»

Por José Luis García

**Como xurdiu o proxecto de *Los fenómenos*?** Xurdiu por mor da crise económica e do estalido da burbulla inmobiliaria que estamos a sufrir. O tema paréceme candente, evidente e brutal e sentín a necesidade de falar diso fuxindo dos tópicos de bos e malos que todos sabemos. Era moi importante para min buscar un camiño que puidese simbolicamente contar a través dun caso concreto, unha chea de cousas que suceden de xente que está a sufrir desafiuzamentos ou que perdeu o seu traballo e está a pasalo mal nesta crise. Non están os tempos como para frivolar e creo que os cineastas temos unha responsabilidade con respecto ao que está a suceder na nosa contorna e, loxicamente, o máis importante do que está a ocorrer nestes momentos é a crise económica. Este foi o punto de arranque da película.

**O que máis doe nos personaxes desta historia é a chegada da decadencia do sector do tixolo. O guión está baseado en feitos concretos coñecidos ou escribistes este texto a partir dos datos que todos en xeral coñecemos?** Está baseado en feitos reais porque a co-guionista Jaione Camborda e eu que escribimos o relato, estivemos a seguir unha cuadrilla de catro irmáns obreiros que se chamaban Ur nas súas situacións e vicisitudes, e moitas das cousas que suceden na película son completamente reais, así como tamén fixemos unha amálgama de feitos que coñeciamos por outra xente. Con todo iso, creamos a epiderme da película.

**O traballo na construción é moi duro como ben mostrades nun momento de *Los fenómenos* a través das mans de Neneta. Isto facédelo na parte inicial, talvez como introdución a outras "durezas" que tamén contén a historia?** Claro. Nesta película a dureza afróntase de dúas maneiras: por unha banda a brutalidade e a dureza física do traballo que é moi corpóreo e que se sofre moito, como todos sabemos, e logo está a parte do padecimento emocional a través das consecuencias da crise, que é máis duro que o sufrimento físico. E esa é a outra parte dos procesos polos que pasa o personaxe de Neneta.

**O empresario de Construcións Barreiro que aparece na película é un tipo con poucos escrúpulos e tamén os traballadores aceptan que a maior parte do seu salario págueselles en negro. Isto era habitual na época dourada do boom inmobiliario?** Si, era o máis normal no mundo da construción. Estes empresarios sen escrúpulos son un pouco o xerme de toda a corrupción en España que vai de arriba a abaixo, porque xa vimos o caso Bárcenas e outros nos partidos políticos establecidos. Iso chega ata as capas máis inferiores como os empresarios de pouca sona que non teñen escrúpulos e que neses casos pagaban un pequeno soldo e logo por metro cadrado construído, que era o máis habitual. Todo iso forma parte da orixe da burbulla inmobiliaria.

Publicado en [cinestel.com](http://cinestel.com)